Comentario de texto – Unidade 5

PROCLAMACIÓN DA I REPÚBLICA

«A República veu por onde menos esperabamos. Da noite a mañá, Amadeo de Savoia, que en dous anos de mando non lograra facerse simpático ó país nin dominar a crecente revolta dos partidos, resolve abdicar por si e polos seus fillos á Coroa de España. Baleiro o trono, mal preparadas aínda as cousas para a restauración dos Borbóns, sen máis príncipes ós que volver os ollos, os homes políticos sen distinción de bandos ven case todos como unha necesidade a proclamación da República. Resoltos a establecela, atopábanse os que a tiñan prevista (...) Ó abrirse a sesión do Congreso a tarde do 10 de febreiro de 1873, as resistencias están xa vencidas; as que aínda subsisten ceden ó primeiro ímpeto de radicais e republicanos. Declárase o Congreso en sesión permanente, e a tarde do 11, lida a abdicación do rei, refúndense nunha soa asemblea as dúas Cámaras e case sen debate aceptan a República.

¿Que República era a proclamada? Nin a federal nin a unitaria. Mediara acordo entre os antigos e os modernos republicanos e conviñeran en deixar a unhas Cortes Constituíntes a definición e a organización da nova forma de Goberno. A federación de abaixo arriba era desde entón imposible: non cabía senón a que determinasen, no caso de adoptala, as futuras Cortes.»

Francisco Pi i Margall: *"O reinado de Amadeo de Savoia e a República de 1873*"

Cuestións enlazadas e orientacións:

Hai que ter en conta que o texto foi escrito por un protagonista directo dos feitos que narra.

Despois de contextualizalo dentro do Sexenio Democrático, debemos aludir ó autor: político republicano federal presidente da República.

Explicar as causas da caída da monarquía de Amadeo e, sobre todo, do propio fracaso da I República (falta de apoio político, división dos partidos republicanos —unitarios e federais—, cantonalismo, guerra carlista) partindo do propio texto.

Concluír facendo unha breve valoración da I República e do seu remate coa Ditadura de Serrano, que deu paso a Restauración.